
Félix Caballero Wangüemert

Portugal, referente mundial do humor gráfico internacional:
PortoCartoon World Festival e World Press Cartoon

Portugal, referente mundial do humor gráfico internacional: PortoCartoon World Festival e World Press Cartoon

Portugal, at the top of international cartoon: PortoCartoon World Festival e World Press Cartoon

Félix Caballero Wangüemert (Universidad de Vigo)

felixcaballero@hotmail.com

Resumo

O humor gráfico na prensa tivo sempre unha grande importancia en Portugal, cun sonoro eco internacional, por riba mesmo do que se podería agardar dun país pequeno en extensión e poboación como é. Esta importancia e este eco teñen tido a súa tradución nos últimos vinte anos no desenvolvemento dentro das súas fronteiras de dous dos máis importantes certames internacionais dedicados a este xénero: Portocartoon World Festival do Porto (1999) e World Press Cartoon de Lisboa (2005), considerados mesmo entre os tres máis relevantes do mundo. Mais o plantexamento de cada un deles é diferente: o primeiro é un salón temático que non discrimina entre o debuxo de humor e a viñeta editorial, e admite traballos feitos para a ocasión, primando así os aspectos artísticos do humor gráfico; o segundo ten unha categoría específica para a viñeta editorial –a máis xornalística– e esixe, ademais, que os traballos presentados fosen publicados na prensa no ano anterior, primando, en definitiva, os aspectos xornalísticos do humor gráfico. Este artigo pretende describir e comparar a traxectoria e as características destes dous grandes certames, profundizando nesas diferenzas.

Palabras chave: Humor gráfico; Portugal; certames internacionais de humor; Portocartoon World Festival; World Press Cartoon.

Abstract

Graphic humour in the press had always a big importance in Portugal, with an high international echo, higher even of the that you could hope of a small country like it is. This importance and this echo have had their translation in the development of two of the most

important international cartoon festivals during the last twenty years: Portocartoon World Festival of Porto (1999) and World Press Cartoon of Lisbon (2005), considered even between the three more important of the world. But there are some important differences between them: the first is a thematic salon that doesn't differentiate between gag cartoon and editorial cartoon, and admits cartoons done for the occasion, favouring the artistic nature of graphic humour; the second has a specific category for editorial cartoon –the most journalistic– and exiges that works have been published in the press in the previous year, favouring, finally, the journalistic nature of graphic humour. This article pretends to describe and compare the path and the characteristics of this two big certames, deepening in these differences.

Key-words: Graphic humour; Portugal; international cartoon festivals; Portocartoon World Festival; World Press Cartoon.

Introdución

A importancia do humor gráfico portugués ao longo da historia é, se cadra, moito maior do que cabería agardar dun país pequeno como Portugal, tanto en extensión xeográfica como en poboación. Nos último século e medio atopamos unha unha mancha de caricaturistas e humoristas de primerísimo nivel: Raphael Bordallo Pinheiro (1846-1905) –o primeiro e o máis influínte de todos–, Celso Hermínio (1872-1904), Tomás Leal da Câmara (1876-1948), Francisco Valença (1882-1963), José Herculano Stuart Carvalhais (1887-1961), Christiano Cruz (1892-1951), José de Almada Negreiros (1893-1970), Carlos Botelho (1899-1982), Samuel Azevei Torres de Carvalho *Sam* (1924-1993), João Abel Manta *JAM* (1928), Francisco Zambujal (1935-1990), Augusto Cid (1941), António Antunes (1953), etc.

Estes e outros sobresaíntes debuxantes colaboraron nun feixe de publicacións memorables, como *A Lanterna Mágica* (1875), *O António Maria* (1879-1885-1898), *Pontos nos ii* (1885-1991), *A Paródia* (1900-1907), *O Sorvete* (1878-1900), *O Micróbio* (1894-1995), *Os Ridículos* (1895-1984), *Sempre Fixe* (1926-1975) ou *A Mosca* (suplemento do *Diário de Lisboa*) (1969-1975).

As extraordinarias figuras de Bordallo Pinheiro e Leal da Câmara deron lugar a cadanseu museo monográfico: o Museo de Raphael Bordalo Pinheiro, en Lisboa (1924), e a Casa-Museo de Tomás Leal da Câmara, en Richoa, Sintra (1945, doado ao Concello en 1954). O que aínda non existe en Portugal é un museo xeralista de humor gráfico, malia os repetidos intentos que houbo. O máis parecido é a Galería Internacional do Cartoon do Museo Nacional de Imprensa do Porto, que se fornece exclusivamente das obras participantes no Portocartoon World Festival.

A importancia do humor gráfico en Portugal ten tido a súa tradución nos últimos vinte anos no desenvolvemento de dous dos máis importantes certames internacionais dedicados a este xénero: o Portocartoon World Festival do Porto (1999) e o World Press Cartoon de Lisboa (2005), considerados mesmo entre os tres máis relevantes do mundo. O plantexamento de

cada un deles é diferente: o primeiro é un salón temático que admite viñetas feitas ad hoc para a ocasión, primando así os aspectos artísticos do humor gráfico; o segundo ten unha categoría específica para a viñeta editorial –a máis xornalística– e esixe, ademais, que os traballos presentados fosen publicados na prensa no ano anterior, primando, en definitiva, os aspectos xornalísticos do humor gráfico. O xurdimento deste dous grandes eventos en terras portuguesas non é unha casualidade. A fartureta historia do humor gráfico no país e o alto estatus como xénero xornalístico que acadou, polo menos en determinados periodos, teñen constituído un caldo de cultivo máis ca favorable.

Os certames internacionais de humor gráfico teñen proliferado nos últimos tempos en todo o mundo. A Bienal Internacional de Humor e Sátira nas Artes de Gabrovo (Bulgaria) –unha das máis importantes– comezou xa en 1972, mais a maioría apareceron co novo século. Teñen proliferado, nomeadamente, nos países do leste de Europa, en América e mais en Asia, rexións do mundo, ademais, de onde procede a maioría dos participantes –e dos gañadores– nestes certames.

Para o historiador da arte Osvaldo Macedo de Sousa, un dos meirandes estudosos e promotores do humor gráfico na península ibérica, esta dobre situación –a proliferación dos festivais de humor nos últimos tempos a a relevancia cuantitativa e cualitativa dos humoristas do leste de Europa, de América e de Asia– débese, fundamentalmente, á censura editorial e a mais a autocensura que domina no humor gráfico na prensa, que fai que os debuxantes procuren unha vía de escape nos festivais e en internet:

A verdadeira forza do cartoonismo nestes momentos está na internet e nos festivais. Hoje em dia existem dois tipos de profissionais do cartoonismo: os de imprensa e dos dos festivais. Já há muitos que só vivem a base dos festivais, dos prémios, porque são trabalhos muito agressivos e na imprensa não os querem. E a través dos festivais podemos ver quales são os três grandes polos do humorismo satírico activo: os países árabes (Irão, com centenas de artistas), a China e América Latina. Nos países do Leste também há muitos bons artistas, mas já estan a adoçar, porque a democracia faz mal ao humor, porque crea a ilusão de que não há censura quando há mais censura do que nas ditaduras (Caballero, 2015: 823¹).

Obxectivos e metodoloxía

Os obxectivos principais deste artigo son describir e comparar a traxectoria e as características dos dous grandes certames internacionais de humor gráfico que existen en Portugal, o PortoCartoon World Festival do Porto e o World Press Cartoon de Lisboa.

¹ A cita de Osvaldo Macedo de Sousa pertence á entrevista que lle fixo o autor deste artigo en Oeiras (Portugal) o 2 de maio de 2013. A entrevista forma parte dos traballos da tese de doutoramento sobre o humorista galego Xaquín Marín defendida na Universidade de Vigo (España) o 23 de outubro de 2015.

Para iso consultáronse as webs de ambos os dous certames (www.cartoonvirtualmuseum.org/f_portocartoon.htm e www.worldpresscartoon.com), con especial atención ás bases dos concursos, aos gañadores e aos membros do xurado de cada edición, así como os catálogos dalgunhas das edicións do PortoCartoon World Festival. A información complementouse cunha visita o acto de entrega de premios e á exposición da décimo quinta e mais da décimo oitava edicións do PortoCartoon (2013 e 2016) e cunha entrevista persoal a Osvaldo Macedo de Sousa, director da primeira edición deste salón. A conversa tivo lugar en Oeiras o 2 de maio de 2013.

PortoCartoon World Festival

1. O Festival

PortoCartoon-World Festival é unha iniciativa do Museo Nacional da Imprensa do Porto (Portugal) nada en 1999, só tres anos despois de que o centro histórico da cidade fose declarado Patrimonio da Humanidade pola Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura (Unesco) e dous anos antes da Capital Europea da Cultura Porto 2001. En 2018, o certame acadará a súa vixésima edición.

O Museo Nacional da Imprensa é o único museo vivo da prensa na Península Ibérica. Foi aberto en 1997. Reúne un dos maiores acervos museolóxicos de maquinaria gráfica do mundo e ten patente ao público o meirande conxunto mundial de máquinas de tipografía en funcionamento. Son dúcias de máquinas que os visitantes poden manipular exercitándose nas antigas artes da composición e impresión. Amais, na Galería de Exposicións Temporais sucédense mostras ilustrativas da importancia social, educativa e cultural da prensa e das artes gráficas. O valorización do humor gráfico como linguaxe xornalística constitúe un dos eixos principais do museo, a través da Galería Internacional do Cartoon e do PortoCartoon World Festival.

PortoCartoon foi o primeiro festival internacional real de humor gráfico en Portugal, logo do fracaso do Festival Internacional de Humor de Caldas da Rainha (1985) e a pouca representatividade do Festival Internacional do Salão Nacional de Caricatura, creado en 1990 e extinto en 1997 (De Sousa, 2001). Hoxe está considerado un dos tres principais concursos mundiais de humor pola Federación Internacional de Humoristas Gráficos (Federation of Cartoonists Organizations, FECO) pola súa calidade organizativa, polo montante dos seus premios e polo número e a categoría dos seus participantes. A presenza nos máis importantes salóns de humor de Francia e do Brasil, entre outros países, vén reforzar a súa importancia como punto de atracción de grandes nomes do humor a nivel mundial.

No I PortoCartoon participaron catrocentos trinta e seis traballos de cento corenta e nove artistas de corenta e catro países. Desde entón o certame reúne unha media de preto de dúas mil obras de case seiscentos debuxantes de máis de setenta Estados de todos os continentes, de culturas tan dispares como Irán (que adoita ser o país con maior participación), Turquía,

China, Rusia, Europa Occidental ou Cuba. En 2011, na XIII edición, acadáronse as cifras record de dous mil cento noventa e dous traballos de seiscentos dezaséis artistas de oitenta países.

Canto aos galardóns, as cifras máis altas acadáronse en 2013, cando o grande premio estivo dotado con sete mil euros (a metade, en botellas de viño do Porto), o segundo premio con dous mil cincocentos e o terceiro premio con mil cincocentos. En 2017, os montantes foron: o grande premio, catro mil euros; o segundo premio, mil douscentos cincuenta euros; o terceiro premio, setecentos cincuenta euros; o primeiro premio de caricatura, cincocentos euros; o segundo premio de caricatura, douscentos euros; o terceiro premio de caricatura, cen euros; as mencións de honra, cincuenta euros. A VIII edición (2006) lanzou un premio especial dedicado ao viño do Porto, co gallo da celebración dos douscentos cincuenta anos da *creación* deste famoso embaixador de Portugal.

A edición de cada ano versa sobre un tema determinado –aínda que existe unha categoría alternativa de tema libre–, algo que na altura de 1999, cando tivo lugar a primeira edición, non era común na meirande parte das iniciativas deste tipo, e que, segundo a organización do evento, encerra dúas vantaxes: constitúe unha boa forma de suscitar a creatividade artística dos autores para a reflexión directa sobre asuntos específicos de atención internacional (Marcos, 2006) e asegura un vasto conxunto de debuxos inéditos.

O primeiro tema foi Descubrimentos e océanos, cuxa oportunidade viña dada pola inminencia dos 500 anos da Descuberta de Brasil, en 2000, e a recente Expo 98 de Lisboa. Os temas das seguintes dezanove edicións foron: Cambio de século/milenio; As pontes; Ecoturismo; A auga; Deporte e sociedade; Humor e sociedade; Desertificación e degradación da terra; Globalización; Os dereitos humanos; As crises; Avións e máquinas voadoras; Comunicacions e tecnoloxías; Ricos, pobres e indignados; Liberdade, igualdade e fraternidade; Auga viva / Terra viva; A luz; O entendemento global; e Turismo. Os participantes pódense presentar tamén na categoría de tema libre.

Todos os anos, desde 2010 (XII PortoCartoon), en colaboración coa Cámara Municipal do Porto, é escollida unha arteria da Baixa como Rúa do PortoCartoon. O proceso abriuse coa emblemática Rúa das Galerías de París, dada a súa importancia na nova animación cidadá.

2. O xurado

Nas dezanove edicións do certame celebradas ata o de agora foron vinte e oito as persoas que participaron como xurado. Tendo en conta que este adoita estar formado por entre cinco e sete persoas, vese que estas repítense con frecuencia. O humorista gráfico galego Xaquín Marín (Ferrol, A Coruña, 1943) é a única persoa que formou parte do xurado en todas as edicións, á parte de Luís Humberto Marcos, obrigado pola súa dobre condición de director do certame –agás na I edición, dirixida por Osvaldo Macedo de Sousa– e do Museo Nacional da Imprensa. Alén do seu prestixio como humorista –colaborou nas mellores revistas españolas de humor, como *Hermano Lobo* e *La Codorniz*, e desde 1988 fai unha viñeta diaria en *La Voz de Galicia* da Coruña–, na escolla do debuxante ferrolán pesou moito o feito de ser o fundador

e director do Museo do Humor de Fene (A Coruña, España), o primeiro museo de humor que houbo na península ibérica e aínda hoxe o máis importante.

No catálogo do VI PortoCartoon (2004), el mesmo explicaba polo miúdo en que consistía o labor do xurado:

Mirar, un a un, milleiros de debuxos espallados polos chan (...) require unha atención máxima que ten que ir a máis logo dunha primeira escolla, tentando apreciar a idea, a técnica, a *piada*, as suxerencias ás que nos leva... nas que o cartonista puxo a mellor das súas intencións, o mellor do seu oficio. Mais logo, cando quedan poucos traballos, nova escolla achegando as razón que nos moven a facela. Pensade en ses persoas que gustan o humor –a metade humoristas profesionais– e ao tempo reparade que na práctica do humor se utiliza a mirada poliédrica –ver a realidade por varias caras– e que estas seis olladas poliédricas se volcan sobre os traballos feitos con outras miradas poliédricas... O resultado ten que ser espectacular, millóns de posibilidades que hai que pasar por unha peneira cada vez máis mesta ata que moi poucos cheguen á final. Así que é preciso un tira e afrouxa longo e tenso, onde cada quen defende as súas teses ata a saciedade (...). Ao fin hai un resultado final, un resultado que conforma a todos e que se toma por unanimidade (Marín, 2004: 7).

Marín é, amais, o único español que foi xurado do PortoCartoon. Só outro residente en España, mais cubano de nacemento, tivo tamén esta responsabilidade algunha vez: Francisco Puñal Suárez, fotógrafo e estudoso do humor gráfico, que estivo no xurado nas edicións II e III. Puñal naceu en Matanzas (Cuba) en 1950. Licenciado en Xornalismo, durante once anos foi realizador do Instituto Cubano de Arte Cinematográfica e Industria (ICAIC), destacándose as súas reportaxes críticas polo humor e a sátira. Vive en España desde 1996, primeiro nas Illas Canarias e logo, desde 2000, na Coruña (Galicia). É coñecido polas súas fotografías insólitas, humorísticas, raras e curiosas, que publicou, entre outros medios, no suplemento humorístico *O Farelo* do xornal *A Peneira*, de Salvaterra do Miño (Pontevedra). Actualmente colabora co xornal dixital *Mundiarío* con interesantes e documentados artigos sobre humor gráfico, e co Departamento de Humor Gráfico da Fundación Xeral da Universidade de Alcalá de Henares, a mesma que nomeou a Xaquín Marín Profesor Honorífico de Humor.

Xaquín Marín foi incluído no xurado do PortoCartoon por suxestión de Osvaldo de Sousa, director da I edición do certame. O historiador portugués, que xa sabía da súa obra por *La Voz de Galicia*, coñeceuno persoalmente no Porto a finais da década de 1980 a través de Siro López (Ferrol, A Coruña, 1943), o grande caricaturista galego vencellado durante máis de vinte anos a *La Voz de Galicia* (1985-2006). Logo de comezar a traballar no eido do humor gráfico e de crear o Salón Nacional de Caricatura en 1987, principiou a investigar a situación en Galicia, e foi Siro López quen lle “abriu as portas” e lle foi pondo en contacto cos artistas galegos. Esta relación con Galicia intensificouse a partir de 1993 coa Bienal de Caricatura de Ourense, á que

-tamén a través de Siro- De Sousa foi convidado todos os anos encabezando unha representación de artistas portugueses. O contacto con Marín estreitouse en 1998, cando coincidiron no V Certamen Internacional de Caricatura y Dibujo Humorístico de Santa Cruz de Tenerife², do que ambos os dous eran xurados³.

As vinte e oito persoas que foron membros do xurado do PortoCartoon ata o de agora son (por orde cronolóxica a partir do nome de pila): Álvaro Siza Vieira, Andrew Howard, António Antunes *António*, Aroeira, Augusto Eira, Bernard Bouton, Chico Caruso, Elisa Soulier, Francisco Puñal Suárez, Fernando Pinto Coelho, Francisco Laranjo, Georges Wolinski, Inês Moreira, Júlio Dolbeth, Lucília José Justino, Luís Humberto Marcos, Luís Mendonça, Marlene Pohle, Naoki Seshimo, Nuno Carvalho, Nuno Costa Santos, Osvaldo Macedo de Sousa, Paulo Caruso (irmán xémeo de Chico Caruso e cartoonista coma el), Peter Nieuwendijk, Raquel Almeida, Roberto Verino, Rui Vitorino Santos e Xaquín Marín.

Despois de Marín, os membros do xurado que máis repetiron participación son o humorista gráfico francés Georges Wolinski, con doce intervencións (2004-2012 [agás 2008] e 2014-2017 [os tres últimos anos, como presidente honorífico, *in memoriam*]); o escenógrafo chileno Roberto Merino, con oito; e os cartonistas Peter Nieuwendijk (Holanda), con cinco (2009-2013); Marlene Pohle (Alemaña, mais de orixe arxentina), con catro (2005-2008); e António Antunes *António* (Portugal), con outras catro (1999 e 2001-2003). Cómprelles sumar a Luís Mendonça, que participou oito veces na súa calidade de representante da Facultade de Belas Artes da Universidade do Porto, que colabora na organización do evento e ten sempre un representante.

Georges Wolinski (Túnez, 1934-París, 2015) foi un dos humoristas gráficos máis recoñecidos no mundo. Colaborou en *Charlie Hebdo*, *L'Humanité* e *Paris Match*. En 2005 recibiu a Lexión de Honra do Goberno francés e ese mesmo ano o gran premio do Festival Internacional de Banda Deseñada de Angoulême. O Museo Nacional da Imprensa inaugurou a Galería Daumier o 10 de xuño de 2012 cunha mostra súa. Faleceu asasinado o 7 de xaneiro de 2015 na redacción de *Charlie Hebdo* canda dez compañeiros e dous policías durante o asalto dun comando xihadista en represalia pola publicación de varias caricaturas de Mahoma en 2006.

Peter Nieuwendijk (Amsterdam, 1946) foi un dos fundadores da FECO e o seu primeiro presidente xeral (1985-1988), cargo no que ten repetido tres veces (1994-1998, 2009-2014 e

² Organizado polo Organismo Autónomo de Cultura do Concello de Santa Cruz de Tenerife. É un dos mellor dotados economicamente de cantos se convocan na actualidade. En 2010 repartiu un total de 26.000 euros nas súas dúas modalidades: caricatura persoal e debuxo humorístico (10.000 para o gañador do primeiro premio de cada categoría). Durante os 20 anos de existencia que ten o certame (primeiro convocado anualmente e despois reconvertido en Bienal) presentáronse artistas de Alemaña, Arxelia, Arxentina, Australia, Bélxica, Brasil, Bulgaria, Canadá, Colombia, Cuba, Chile, China, Ecuador, Eslovaquia, Eslovenia, España, Holanda, Hungría, Indonesia, Iraq, Irán, Italia, Corea, México, Nixeria, Perú, Polonia, República Checa, Rumania, Rusia, Serbia e Montenegro, Siria, Suíza, Turquía, Ucraína, Uruguai, Estados Unidos, Uzbequistán e Venezuela.

³ Entrevista persoal co autor, Oeiras, 2-5-2013.

desde 2016). Gañou premios internacionais de humor gráfico en Portugal, Italia, Bélxica, Rumanía, Serbia, Macedonia, Turquía, Chipre, Rumanía, Canadá, Exipto e China.

Marlene Pohle –nada en Bos Aires en 1939 de pais alemáns– deuse a coñecer en *Hortensia*, a revista da Córdoba arxentina. Reside en Stuttgart, donde preside a FECO-Alemaña desde 1997, tendo sido tamén presidenta xeral da Federación (2005-2009). É unha das poucas mulleres recoñecidas internacionalmente nun mundo tradicionalmente masculino. Acadou importantes galardóns en Italia (HumorFest XI, Foligno), Francia (Jonzac), Holanda (Eindhoven) e España, onde en 1999 recibiu a Curuxa Gráfica do Museo do Humor de Fene. Tamén foi xurado en festivais de humor gráfico en Bélxica (Festival de Knokke Heist 1998), Cuba (Bienal del Dedeté 2000), Alemaña (Humor Político de Stuttgart 2000), España (Certame de Caricatura e Debuxo Humorístico de Tenerife 2000) e Turquía (Simposio “Oriente-Occidente”, Estambul, 2000).

António Antunes (Vila Franca de Xira, 1953), máis coñecido só por *António*, é un dos humoristas gráficos portugueses máis importantes das últimos corenta anos e sen dúbida o máis recoñecido fóra de Portugal. Ten exposto en moitos países e recibido os principais premios internacionais do xénero des que en 1983 gañase xa o Grand Prix do XX Salón Internacional de Montreal (Canadá), daquela o máis importante do mundo. Colaborou no semanario *Expresso* desde 1974, moi logo da súa fundación, ata hai poquiño. As súas viñetas son distribuídas mundialmente pola axencia neiorquina Cartoonists & Writers Syndicate. En 2005 creou en Sintra o World Press Cartoon, que se converteu decontado noutro dos concursos de humor gráfico máis prestixiosos do mundo.

3. Os gañadores

O PortoCartoon entrega todos os anos tres premios (gran premio, segundo premio e terceiro premio) e varias mencións de honra, amais dun premio do público, desde 2006, a través dunha votación na internet.

Ata hoxe, os gañadores do gran premio do xurado foron: Stefan Despodov (Bulgaria), Ángel Boligan Corbo (Cuba), Valeri Kurtu (Moldavia), Claudio Gomes (Cau Gomez) (Brasil), Muhitin Koroglu (Turquía), Grzegorz Szumovski (Polonia), Valentin Druzhinin (Rusia), Musa Gümus (Turquía), Grzegorz Szumovski (Polonia), Augusto Cid (Portugal), Mihai Ignat (Rumanía), Jerzy Gluszek (Polonia), Zygmunt Zaradkiewicz (Polonia), Alessandro Gatto (Italia), Miro Stefanovic (Serbia), Diego Herrera (Canadá), Mahboobeh Pakdel (Irán) e Luc Vernimmen (Bélxica). Como se ve, a meirande parte deles son dos países do Este de Europa, particularmente de Polonia, que se levou o gran premio catro veces, dúas delas na persoa de Szumovski, o único cartonista, canda o italiano Alessandro Gatto, capaz de gañar o certame dúas veces.

Desde 2006 existe tamén un premio do público, cuxo gañador é convidado a facer unha exposición individual no vindeiro Portocartoon. Trátase dunha votación a nivel mundial, a través da internet, na cal os cibernautas poden escoller o mellor cartoon, independentemente da votación do xurado, aínda que os debuxos candidatos forman parte da lista de premiados e finalistas elixidos por este. A votación decorre ao longo dos últimos seis meses do ano. Ata o

de agora, os vencedores foron Diego Herrera Yayo (Canadá). Fernando Camarneiro Costa (Portugal), António Santos *Santiago* (Portugal), Zygmunt Zaradkiewicz (Polonia), Guo Zhong (China), Ludo Goderis (Bélgica), Ronaldo Cunha Dias (Brasil, dúas veces), Emrah Arıkan (Turquía) e Alessandro Gatto (Italia).

Desde 2014, PortoCartoon inclúe, amais, dous premios especiais de caricatura para homenaxear outras tantas figuras da cultura portuguesa e mundial. En 2014 homenaxeouse o arquitecto Álvaro Siza⁴ (gañou Iván Prado) e o líder sudafricano Nelson Mandela (impuxéronse os portugueses André Carrilho e Luís Lázaro). En 2015, os caricaturizados foron o escritor estadounidense Ernest Hemingway e o futbolista portugués Cristiano Ronaldo, e os gañadores, o brasileiro Dalcio Machado e o polaco Krzysztof Grzondziel, respectivamente. En 2016 homenaxeouse o director de cinema Manoel de Oliveira e o Nobel de Literatura José Saramago, e gañaron Iván Prado (peruano radicado en Alemaña) e Mauricio Parra (Colombia), respectivamente. En 2017, caricaturizouse o secretario xeral da ONU e exprimeiro ministro portugués António Guterres e Picasso, gañando António Santos *Santiago* e o brasileiro Dalcio Machado, respectivamente.

4. A exposición

Os premiados e os seleccionados de cada edición pasan a formar parte da exposición permanente "PortoCartoon / O riso do mundo" aberta ao público na Galería Internacional do Cartoon do museo. Esta Galería, que ten máis de 400 metros cadrados, foi inaugurada o 22 de xuño de 2006 durante a abertura do VIII Portocartoon. É a única galería de humor aberta permanentemente en Portugal, toda vez que os intentos habidos ata o de agora de crear un museo de humor gráfico non callaron.

Os traballos premiados e seleccionados nas diferentes edicións do festival son tamén mostrados noutras moitas exposicións itinerantes en moitos países de Europa e América. Varios centos de milleiros de persoas xa visitaron as dezanove edicións do Portocartoon realizadas nas instalacións do Museu Nacional da Imprensa e nas diferentes cidades de Arxentina, Bolivia, Brasil, Francia, España e México por onde teñen pasado as mostras.

5. "Porto, Capital do Cartoon" e a ruta turística de esculturas de humor

Porto foi nomeada Capital do Cartoon o 23 de xuño de 2008 pola Cámara Municipal do Porto a proposta do X PortoCartoon. A iniciativa consagra o singular percorrido de valorización do humor gráfico levado a cabo polo Museu Nacional da Imprensa desde 1997: concursos e exposicións internacionais, Galería Internacional do Cartoon, Museo Virtual do Cartoon, edicións, festas da caricatura, evocacións, etc.

⁴ Álvaro Siza ten realizado unha importante obra en Galicia, na que destaca o Centro Galego de Arte Contemporánea, o Parque de San Domingos de Bonaval e a Facultade de Ciencias da Comunicación de Santiago de Compostela, así como a rehabilitación do Café Moderno de Pontevedra, sede da Fundación Caixa Galicia.

“Considerando a tradición liberal desta moi nobre sempre leal e invicta cidade, considerando que o humor é ponte de unión entre pobos e culturas, proclámase que Porto fique designada, a partir desta data, Capital do Cartoon”, dicía o texto da proclamación, que foi lida en dez linguas diferentes, entre elas o galego, por Xaquín Marín. Tamén foi lida en alemán pola daquela presidenta da FECO, Marlene Pohle; en francés por George Wolinski; en turco por Muhittin Koroglu; en coreano por Taeyong Kang; en esperanto por Edu Grosso; en rumano por Radu Cletiu; en inglés por Ronaldo Cunha Dias; en portugués por Onofre Varela; e en castelán polo colombiano Haroldo Ortis.

Luís Humberto Marcos, director do PortoCartoon e do Museu Nacional da Imprensa, salientou que “Porto é unha cidade que xustifica a designación de Capital do Cartoon: ten os dous xornais diarios máis antigos de Europa [*O Primeiro de Janeiro*, que en 2018 cumprirá 150 anos, e *Jornal de Notícias*, que fará 130]; tivo, a finais do século XIX e principios do XX, o xornal humorístico máis duradeiro, o *Sorvete*, publicado durante vinte e catro anos; ten a única galería internacional de cartoon da península Ibérica; ten o único Museu Virtual do Cartoon; e ten un festival que xa conmemora unha década”.

Durante o acto, que contou coa presenza do concelleiro [vereador] de Cultura da Cámara Municipal do Porto e de grandes figuras do humor gráfico mundial, inaugurouse unha escultura de Álvaro Siza sobre o debuxo gañador da edición do PortoCartoon dese ano, de Musa Gumus (Turquía). A escultura ficou instalada na Avenida dos Aliados e foi a primeira dunha ruta turística de esculturas a partir dos debuxos merecentes do Gran Premio do festival, realizadas por escultores como Acácio de Carvalho, Zulmiro de Carvalho, Carlos Marques, Carlos Barreira, Fernando Saraiva e Rui Anahory.

Siza é tamén o autor do trofeo e imaxe de marca do PortoCartoon, creados para a VIII edición (2006), da que, amais, foi membro do xurado. Esguío e simple, na súa conxugación de apenas dúas fitas de metal, expresa a que o cartoon é unha linguaxe de ligazón e entendemento das sociedades e, neste senso, fai pontes entre as diversas culturas, e reforza sobremaneira a dimensión universal que se pretende cada vez máis alargada do PortoCartoon: unha ponte entre pontes, nun mundo cada vez máis global e complexo que precisa do humor para se liberar (Marcos, 2006).

World Press Cartoon

1. O festival

PortoCartoon ten desde 2005 unha forte competencia no mesmo Portugal: World Press Cartoon, creado en Lisboa por un vello coñecido do certame portuense, António Antunes. Na súa relativamente curta existencia (en 2017 celebrou a súa XII edición) acadou tamén unha gran reputación internacional, ata o punto de que en 2012 foi considerado o Mellor Salón do

Mundo de Cartoons polo International Cartoon News Center Web Site⁵, e o seu catálogo, o Mellor Catálogo de Salón de Cartoons do Mundo.

As dez primeiras edicións (2005-2013) celebráronse en Sintra, co patrocinio da Câmara Municipal daquel concello. En 2014 o festival perdeu a última hora o devandito apoio oficial, aínda que se decidiu seguir adiante e pagar os premios aos gañadores. En 2015, o evento celebrouse en Cascais cun novo patrocinio: o da Câmara Municipal deste outro concello. Mais en 2016 reduciuse fortemente este patrocinio e a organización do festival decidiu suspendelo. Ao contrario de Sintra, en que había un orzamento municipal que financiaba a gran maioría do evento, o acordo coa Câmara de Cascais foi distinto: a autarquía suportaba algunhas cousas e, en relación a outras, conseguiu e indicou algúns apoios privados empresariais, mas ese segundo ano os patrocinadores tardaban, levando a autarquía a adiar o seu apoio. O festival reapareceu en 2017 en Caldas da Rainha, co patrocinio da Câmara municipal deste terceiro concello. Por certo que Caldas da Rainha é a capital portuguesa da caricatura en cerámica desde a creación en 1884 por Raphael Bordallo Pinheiro da Fábrica de Faianças desta localidade.

O World Press Cartoon naceu coa finalidade expresa de reivindicar o carácter xornalístico do humor gráfico na prensa, como fai o World Press Photo⁶, salón no que se inspirou e do que tirou mesmo o nome. A súa filosofía é, xa que logo, un pouco distinta á do PortoCartoon, co que presenta catro grandes diferenzas: 1) non é temático –as caricaturas, viñetas e tiras poden versar sobre calquera cuestión e non necesariamente sobre un determinado tema proposto pola organización–; 2) non admite obras ad hoc, senón só traballos publicados na prensa no ano anterior; 3) ten tres categorías: viñeta editorial (*editorial cartoon*, en inglés: sobre cuestións e acontecementos de actualidade), caricatura (en sentido estrito: retratos humorísticos) e debuxo de humor (*gag cartoon*, en inglés: sobre temas sen relación directa coa actualidade), dando tres premios por cada categoría e un Grand Prix escollido entre os primeiros de cada categoría; e 4) o xurado, formado por cinco persoas, muda totalmente todos os anos, coa única excepción do seu presidente, o caricaturista António, director do Salón. Non repite ninguén.

2. Os gañadores

Ata 2017 incluído, os gañadores do Grand Prix foron: Cristóbal Reinoso (Arxentina), Ángel Boligán Corbo (México), Riber Hansson (Suecia), Rainer Ehrt (Alemaña), Rogelio Narajo Ureña (México), Gabriel Ippoliti (Arxentina), David Rowe (Australia), Ares (Cuba), Kontouris (Grecia), Shankar (India), André Carrilho (Portugal) e Elireza Pakdel (Irán).

A maioría deles participaba na especialidade de cartoon editorial (sete fronte a tres en caricatura e dous en debuxo de humor), confirmando practicamente o que se podería

⁵ <http://www.cartooncenter.net>.

⁶ World Press Photo, fundada en 1955, é unha organización independente sen ánimo de lucro con sede en Ámsterdam (Holanda), coñecida por organizar o maior e máis prestixioso concurso anual de fotografía de prensa. Tras o concurso, as fotografías premiadas exhibense nunha exposición itinerante visitada por máis dun millón de persoas en 40 países.

sospeitar: que na prensa o tipo de humor gráfico que ten unha maior relación coa actualidade informativa, nomeadamente a política (a viñeta editorial e a caricatura) está máis considerada ou valorada ca que non ten unha relación menor.

Na categoría de debuxo de humor impuxéronse: Kapusta (Polonia), Ángel Boligán Corbo (Mex), Tommy Thomdean (Indonesia), Hassan Karimzadesh (Irán), Osmani Simanca (Brasil), Hassan Karimzadesh (Irán), Samuca (Brasil), Pavel Constantin (Rumanía), Saeed (Irán), Agim Sulaj (Albania), Agim Sulaj (Albania), Kontouris (Grecia) e Toso Borkovic (Serbia).

En caricatura, os gañadores foron: Agustin Scianmarella (Italia⁷), Eduardo Baptista (Brasil), Riber Hansson (Suecia), Achille Superbi (Italia), André Carrilho (Portugal), Gabriel Ippoliti (Arxentina), João Vaz de Carvalho (Portugal), Egil (Noruega), Pablo Morato (Chile), Shankar (India), Cau Gómez (Brasil) e Luiz Carlos Fernandes (Brasil).

Ningún autor acadou gañar dúas veces o Grand Prix, mais dous deles si levaron máis dun premio ao longo da historia do certame: André Carrilho (mellor caricatura en 2009 e Grand Prix e mellor viñeta editorial en 2015) e Ángel Boligán (mellor debuxo de humor en 2006 e mellor viñeta editorial en 2010).

Por países, Arxentina e México acadaron o Grand Prix dúas veces e Suecia, Alemaña, Australia, Cuba, Grecia, Irán, Portugal e India unha vez. Sumando as tres categorías básicas –debuxo de humor, viñeta editorial e caricatura–, os países premiados foron: Brasil, cinco veces; Portugal e Irán, catro; México, tres; Arxentina, Grecia e Italia, dúas; e Reino Unido, Alemaña, Suecia, Noruega, Polonia, Rumanía, Serbia, Croacia, Albania, India, Indonesia, Chile, Uruguai, Cuba e Australia, unha.

3. A Exposición

Como acontece no PortoCartoon World Festival, World Press Cartoon non é só un concurso, senón tamén unha exposición. Os traballos premiados e seleccionados son expostos durante varias semanas na sede do salón (en 2017, no Centro Cultural e de Congressos das Caldas da Rainha; de 2005 a 2014, no Museo de Arte Moderno de Sintra; e en 2015, na Cidadela Historic & Art District de Cascais).

Como tamén pasa co PortoCartoon, as exposicións do salón teñen vocación itinerante e, logo de se exhibiren na sede, teñen sido amosadas xa España, Francia, Bélxica, Reino Unido, Serbia, Croacia, Eslovenia, Bulgaria, Rumanía, Mozambique, Brasil, México, China e India.

Conclusións

Portugal tense convertido desde primeiros do século XXI nun dos referentes mundiais no humor gráfico internacional por mor do PortoCartoon World Festival do Porto e do World Press Cartoon de Lisboa, considerados dous dos mellores certames internacionais de humor gráfico do mundo.

⁷ Na web do salón atribúeselle nacionalidade italiana, aínda que tamén ten a arxentina, onde naceu.

PortoCartoon World Festival é unha iniciativa da Asociación Museu da Imprensa (AMI), participada polo Centro de Formación de Jornalistas (CFJ), a Asociación Portuguesa das Industrias Gráficas e Transformadoras de Papel, a Asociación da Imprensa Não-Diária, o Comércio do Porto, o Diário de Notícias, o Primeiro de Janeiro, o Jornal de Notícias, a Fundação Engenheiro António de Almeida e a Câmara Municipal do Porto. World Press Cartoon foi unha idea persoal do caricaturista António Antunes *António* que ten contado co patrocinio sucesivo (un veu substituír outro) das Câmaras Municipais de Sintra, Cascais e Caldas da Rainha.

PortoCartoon World Festival ten tido maior estabilidade institucional, celebrándose todos os anos desde 1999. Pola contra, World Press Cartoon tivo que mudar dúas veces de patrocinio e, xa que logo, de sede, e mesmo así non se puido celebrar en 2015, por falta de respaldo económico.

Todos os anos participan en cada un dos certames máis de medio milleiro de humoristas gráficos de Asia, América e Europa, cun dominio nos dous casos de debuxantes de Irán, China, Brasil, México e os países do Leste (Serbia, Ucraína, Rumanía, Bulgaria, Croacia, Romanía) e do Sur de Europa (Portugal, Grecia, Italia, España).

Aínda que os dous certames veñen reivindicar a importancia do humor gráfico na prensa, o seu enfoque é diferente. Se cadra, World Press Cartoon prima máis o carácter xornalístico do salón. De feito, o nome xorde por imitación do World Press Photo, nado para apoiar a fotografía de prensa. As diferencias principais entre ambos os certames son cinco: 1) PortoCartoon é un salón temático; World Press Photo, non; 2) PortoCartoon non discrimina entre viñeta editorial e viñeta de humor; World Press Photo, si, tendo unha categoría específica para cada unha delas; 3) PortoCartoon só inclúe a caricatura desde XXX, cun premio especial; World Press Photo sempre tivo a caricatura como unha categoría máis, canda a viñeta editorial e viñeta de humor; 4) PortoCartoon admite traballos realizados expresamente para o evento; World Press Cartoon esixe que as viñetas fosen publicadas na prensa no ano anterior; e 5) World Press cartoon muda o xurado por completo todos os anos; en PortoCartoon é común que unha mesma persoa repita como xurado en varias edicións.

Referencias bibliográficas

CABALLERO, F. (2015): *Xaquín Marín: innovación e tradición no humor gráfico galego. Tese de doutoramento*. Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación da Universidade de Vigo. Directora: Mercedes Román. Defendida o 23 de outubro de 2015. Dispoñible en "Investigo. Repositorio institucional da Universidade de Vigo". <http://www.investigo.biblioteca.uvigo.es/xmlui/handle/11093/439>

MARCOS, L. H. (2006): Nova etapa de excelencia do humor. In: *VIII PortoCartoon World Festival. Desertificación e degradación da terra*, Porto, Museu Nacional da Imprensa.

MARÍN, X. (2004): Visión Poliédrica do VI PortoCartoon. In: *VI PortoCartoon World Festival. Desporto e sociedade*, Porto, Museu Nacional da Imprensa: 7.

Página web oficial de PortoCartoon World Festival:
www.cartoonvirtualmuseum.org/f_portocartoon.htm
Página web oficial de World Press Cartoon: www.worldpresscartoon.com